Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 31 Maio 2012 10:44



A música e a danza tradicional tomarán as rúas de Baiona a partir das 18:00 horas deste sábado. Por quinto ano O Ximbaleo Tramallo Cultural, a Asociación Cultural A Seneira e a Escola de Danza Vila de Baiona organizan o tradicional Serán para goce dos veciños e visitantes da bisbarra miñorana.

As actividades comezarán ás 18 horas na praza do Concello cun Monográfico de danza tradicional. O obradoiro será unha iniciación ao baile tradicional, no que se ensinarán os aspectos básicos do mesmo que permitirá aos asistentes participar das coreografías que posteriormente se desenvolverán durante a festa.

Na tardiña, sobre as 20 horas, sairá un pasarrúas cara A Palma, onde grupos folclóricos e todo aquel que queira integrarse cun instrumento o gaña de cantar participarán dunha festa musical

até entrada a noite.

A organización ofrecerá comida e bebida e, de madrugada, obsequiará aos asistentes cunha chocolatada.